

Proxecto de Orde do xx de xxxx de 2026 pola que se convocan as eleccións e se ditan as normas para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia

O Regulamento (UE) 2024/1143 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, relativo ás indicacións xeográficas para viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas, constitúe o marco xurídico básico da Unión para a protección das figuras de calidade diferenciada, reforzando o papel das agrupacións de produtores e das entidades encargadas da súa xestión.

No ámbito autonómico, a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, define no seu artigo 47 aos consellos reguladores como corporacións de dereito público cunha estrutura e réxime de funcionamento interno que debe responder a principios democráticos, garantindo unha representación equilibrada dos intereses económicos e sectoriais. A súa disposición transitoria segunda establece a obriga de adecuar as entidades preexistentes ao novo marco legal, proceso que debe compatibilizarse coa necesaria renovación periódica dos seus órganos de goberno para evitar baleiros de poder institucional.

Neste contexto, a disposición transitoria segunda da Lei 1/2024 prevé un proceso de adecuación das entidades de xestión preexistentes, como é o caso do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia. Mentres non se complete dita adaptación e se produza o desenvolvemento regulamentario específico, a continuidade institucional do Consello require a renovación dos seus órganos de goberno.

Para tal fin, e en tanto non se dite a normativa que substitúa ao Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, este continúa a ser o marco polo que rexerán os procesos electorais naquilo que non se opoña ao disposto na Lei 1/2024 e no citado Regulamento (UE) 2024/1143.

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, establece no seu capítulo VI o réxime electoral xeral. Segundo esta norma, os consellos réxense polas disposicións comúns da súa

sección primeira e, de forma complementaria, polas da sección segunda, sempre que non contén con normas específicas nos seus regulamentos que as substitúan.

Neste sentido, a Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia e o seu Consello Regulador, contén as normas específicas que rexen a composición e o réxime electoral desta entidade, constituíndo, xunto coa normativa sinalada anteriormente, o marco xurídico de aplicación para a presente convocatoria.

Polo tanto, cómpre realizar a convocatoria de eleccións para a renovación dos órganos de goberno do consello regulador da denominación de orixe protexidas Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia.

Por todo o anterior, logo da audiencia do Consello Regulador da denominación de orixe protexida mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e no uso das facultades que me confire o citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria*

1. De acordo co establecido no artigo 75 do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, aprobado pola Orde do 20 de marzo de 2019, en consonancia co artigo 36 Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, convócanse as eleccións para a renovación dos órganos de goberno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia.

2. O Consello Regulador deberá dar publicidade desta convocatoria, mediante a exposición na súa sede así como naqueles lugares e polos medios que considere máis oportunos, para acadar a máxima difusión no seu ámbito sectorial e territorial.

3. Durante o proceso electoral, que comezará no momento de entrada en vigor desta orde, os membros do Consello Regulador estarán en funcións e poderán realizar unicamente actos de trámite e os necesarios para a axeitada marcha da denominación

de orixe, entre eles os relacionados co proceso electoral. A súa función rematará coa toma de posesión dos novos membros.

Artigo 2. Calendario electoral, prazos e lugar de presentación de documentación

1. O calendario electoral establece os prazos dos diferentes actos do proceso electoral.

2. O calendario electoral será o que se recolle como anexo I desta orde e estará exposto na sede do Consello Regulador.

3. Os prazos previstos nesta norma para a presentación de escritos, candidaturas, reclamacións e recursos están sinalados por días hábiles e expirarán ás 14.00 horas do derradeiro día do prazo.

4. O lugar de presentación dos escritos, candidaturas, reclamacións e recursos será, segundo o caso, as oficinas administrativas do Consello Regulador ou da Xunta Electoral, segundo quen deba coñecelos. Dada a brevidade dos prazos establecidos, os escritos presentaranse, ademais de por rexistro ordinario, por correo electrónico á dirección info@mexillondegalicia.org os dirixidos ao Consello Regulador e á dirección de correo electrónico dxpait.mar@xunta.gal os dirixidos á Xunta Electoral.

Artigo 3. Persoas electoras

1. Poderán ser electoras as persoas físicas ou xurídicas que, antes da entrada en vigor da presente convocatoria, estean debidamente inscritas e con actividade nalgún dos censos do Consello Regulador, non carezan do dereito de sufraxio activo consonte o disposto pola normativa de réxime electoral xeral e non fosen sancionadas con carácter firme coa suspensión da súa inscrición no rexistro correspondente.

2. As persoas xurídicas exercerán o seu dereito ao voto a través do seu representante legal.

3. O dereito de sufraxio exercerase, con carácter xeral, unha soa vez, é dicir, cada persoa electora ten dereito a un único voto por cada inscrición individual que conste en cada rexistro en que se encontre inscrita.

4. No caso de que unha mesma persoa titular figure inscrita en máis dun censo electoral, poderá ser persoa electora en cada un deles.

5. Para poder ser persoa electora deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas e ter actualizadas as inscricións nos rexistros.

Artigo 4. *Elixibles*

1. Serán elixibles como membros do Consello Regulador aquelas persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos para seren persoa electora e que non estean incursas nas causas de inelixibilidade previstas na normativa de réxime electoral xeral.

2. No caso de que unha mesma persoa titular figure inscrita en máis dun censo, só poderá ser elixible por un deles, debendo optar polo que considere máis conveniente.

3. Unha mesma persoa física ou xurídica, aínda que estea inscrita en varios rexistros do Consello Regulador, non poderá ter dobre representación neste, nin directamente nin a través de empresas vinculadas ou persoas socias delas.

4. No caso das persoas xurídicas inscritas, a persoa candidata a membro do Pleno será a propia persoa xurídica, que estará representada no Consello Regulador, de resultar elixida, pola persoa física que designe o seu órgano de goberno en cada momento.

Artigo 5. *Sistema electoral*

1. O sistema electoral aplicable será de carácter proporcional directo, considerando todas as candidaturas sen que sexa necesario reunir unha porcentaxe mínima de votos válidos emitidos.

2. A representación por sectores, así como o número de persoas vogais correspondentes a cada censo debe ser conforme coa configuración plenaria establecida na Orde do 20 de marzo de 2019. Polo tanto, a súa estrutura será a seguinte:

a) Seis persoas vogais en representación do subsector produtor, elixidas democraticamente por e entre as persoas titulares de bateas inscritas.

b) Seis persoas vogais en representación das empresas comercializadoras, elixidas democraticamente por e entre as persoas titulares de centros de expedición/depuración e empresas transformadoras inscritas respectivamente. Tres persoas vogais corresponderán aos centros de depuración e/ou expedición de mexillón fresco e outras tres ás empresas de transformación.

Artigo 6. Xunta Electoral

1. A Xunta Electoral é o órgano supremo de supervisión do proceso electoral e nela estarán representados os tres subsectores nomeados no artigo anterior que concorren ao proceso electoral e persoal técnico da Consellería do Mar.

2. A Xunta Electoral exercerá as funcións establecidas no artigo 79.2 do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia.

3. A Xunta Electoral terá a súa sede nas dependencias da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

4. A Xunta Electoral estará presidida pola persoa que ocupe a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, e terá como suplente á persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar. Estará integrada, ademais, por:

a) Cinco persoas vogais:

i. Dúas persoas funcionarias dos grupos A1 ou A2 da Consellería do Mar ou dos seus entes e organismos dependentes. Como suplentes, designaranse tres persoas funcionarias cos mesmos requisitos exixidos para as persoas titulares.

ii. Tres representantes das entidades organizativas sectoriais vinculadas ao Consello Regulador, preferentemente unha persoa representante por cada subsector, sempre que exista o número suficiente de candidaturas, que serán elixidas na forma establecida no artigo 8.

b) Unha persoa secretaria: persoa funcionaria do grupo A1 da Consellería do Mar ou dos seus entes e organismos dependentes, con licenciatura en dereito. Como suplente designarase unha persoa funcionaria cos mesmos requisitos que a persoa titular.

5. Ningún membro, titular ou suplente, da Xunta Electoral poderá presentarse como persoa candidata a vogal nin formar parte do pleno do Consello Regulador.

Artigo 7. Presentación de persoas candidatas a vogais da Xunta Electoral en representación do sector.

1. O proceso electoral dará comezo o día de entrada en vigor da presente Orde. No prazo dos catro (4) días hábiles seguintes á data de inicio do proceso electoral, as persoas representantes das entidades organizativas sectoriais vinculadas ao Consello Regulador poderán presentar candidaturas a vogais da Xunta Electoral.

2. A presentación de persoas candidatas á Xunta Electoral en representación de entidades organizativas sectoriais farase mediante solicitude acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade propoñente.

b) Acordo do órgano de goberno en que se propoña a persoa representante e a súa suplente.

c) *Currículum* das persoas candidatas titular e suplente.

d) Enderezo de correo electrónico autorizado pola organización para os efectos de recepción das convocatorias e comunicacións relacionadas co proceso electoral.

3. No suposto de entidades organizativas sectoriais integradas noutras de ámbito superior, aquelas unicamente poderán presentar persoas candidatas se estas non o fixeren.

4. As candidaturas irán dirixidas á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar mediante solicitude acompañada da documentación que establece o punto 2 deste artigo, e deberán conter cada unha unha persoa titular e unha suplente.

As candidaturas para as persoas xurídicas deberán presentarse na sede electrónica que a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía, tal e como dispón o artigo 16.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para este efectos, utilizarase o procedemento PR004A.

As persoas físicas, ademais da opción anterior, poderán facelo presencialmente no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela) ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Artigo 8. Designación de membros da Xunta Electoral

1. O décimo día posterior á data de comezo do proceso electoral, designaranse os membros titulares e suplente da Xunta Electoral, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. Na dita designación teranse en conta a formación académica e a experiencia das persoas candidatas, así como, no caso das persoas representantes de entidades organizativas sectoriais, o seu grao de implantación na actividade da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia, medido en función da produción certificada comercializada de acordo cos datos do Consello Regulador.

2. A designación dos membros da Xunta Electoral será comunicada tanto ás persoas designadas a tales efectos como ás persoas candidatas. Así mesmo, a resolución correspondente publicarase no taboleiro de anuncios das oficinas do Consello Regulador e na súa páxina web.

3. Contra esta resolución poderase interpor recurso no prazo de tres (3) días hábiles ante a persoa titular da Consellería do Mar, que resolverá dentro dos tres (3) días hábiles seguintes ao da súa recepción.

4. O terceiro día hábil seguinte á resolución dos devanditos recursos terá lugar a sesión constitutiva da Xunta Electoral.

5. O mandato dos membros da Xunta Electoral concluirá 100 días despois da celebración das eleccións.

Artigo 9. Comisión Electoral

1. A Comisión Electoral será designada polo Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia. Estará composta pola persoa que exerza a presidencia e por tres persoas vogais, unha en representación de cada sector, así como por unha persoa representante nomeada pola Consellería competente en produtos pesqueiros, con voz, pero sen voto. Como persoa titular da secretaría actuará a do Pleno do Consello Regulador.

2. Ningún membro da Comisión Electoral poderá presentarse como persoa candidata a membro do Pleno do Consello Regulador.

3. No caso de incorrer na incompatibilidade anterior, o Pleno elixirá os membros da Comisión Electoral de entre persoas vogais suplentes e, no seu defecto, aleatoriamente de entre as persoas inscritas nos rexistros do Consello Regulador.

4. A Comisión Electoral deberá reunirse en sesión constitutiva, como máis tarde, o terceiro día hábil ao do seu nomeamento polo Pleno do Consello. Para unha válida constitución da Comisión Electoral requírese a asistencia de, polo menos, a persoa que exerza a presidencia, a que exerza a secretaría e a metade dos seus membros. Os acordos tomaranse por maioría.

Artigo 10. Funcións da Comisión Electoral

Corresponderá á Comisión Electoral realizar as funcións establecidas no artigo 87 do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, actuando con obxectividade e transparencia e someténdose ás instrucións da Xunta Electoral creada no artigo 6.

Artigo 11. *Censo electoral*

1. O censo electoral será elaborado pola Comisión Electoral para a súa utilización no proceso electoral. Será único e indivisible. Estará constituído por todas e cada unha das persoas titulares inscritas e con actividade nos correspondentes rexistros do Consello Regulador, de acordo co que se establece na Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia – Mejillón de Galicia e o seu Consello Regulador e nesta orde desta convocatoria.

2. O censo electoral axustarase ao modelo que figura no anexo II, e terá a seguinte estrutura:

- Censo do subsector produtor, constituído polas persoas titulares de bateas inscritas no Rexistro de Bateas do Consello Regulador.
- Censo do subsector da comercialización de mexillón fresco, constituído polas persoas titulares inscritas no Rexistro de Centros de Depuración/Expedición.
- Censo do subsector da transformación, constituído polas persoas titulares inscritas no Rexistro de Centros de Transformación.

3. Nos censos figurarán exclusivamente as persoas titulares inscritas e con actividade nos rexistros correspondentes e deberán estar ao corrente nas súas obrigas co Consello Regulador. Deberán figurar ordenadas por entidades asociativas e alfabeticamente, asignándolle un número de orde.

Artigo 12. *Publicidade dos censos*

1. A Comisión Electoral, despois das comprobacións que xulgue oportunas, dilixenciará os censos coas sinaturas da persoa titular da secretaría da Comisión e a

conformidade da persoa titular da presidencia, no prazo de tres (3) días hábiles desde a sesión constitutiva da devandita Comisión Electoral.

2. No prazo de cinco (5) días hábiles seguintes á súa aprobación, a Comisión Electoral ordenará a exposición dos censos electorais por orde alfabético na sede do Consello Regulador e remitiraos aos lugares seguintes, para a súa exposición:

- Aos departamentos territoriais da Consellería do Mar, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes ás persoas inscritas na respectiva provincia.

- Ás xefaturas comarcais da Consellería do Mar, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes ás persoas inscritas do seu ámbito xeográfico.

- Ás entidades organizativas sectoriais vinculadas ao Consello Regulador.

3. A remisión dos censos provisionais aos lugares citados deberá realizarse mediante oficio da persoa titular da secretaría do Consello Regulador.

4. As persoas interesadas poderán formular, no prazo de tres (3) días hábiles, reclamacións contra os censos, que a Comisión Electoral resolverá en igual prazo de tres (3) días hábiles, contados desde a súa presentación.

5. Resoltas as reclamacións presentadas contra o censo electoral, a Comisión Electoral ordenará publicar na mesma forma os censos electorais definitivos no prazo de tres (3) días hábiles.

Artigo 13. *Persoas candidatas e candidaturas*

1. De acordo co establecido no artigo 56.1 do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, corresponde elixir ás seguintes persoas vogais, correspondentes a cada censo ou subcenso:

- Seis (6) en representación do subsector produtor.

- Seis (6) en representación das empresas comercializadoras: tres (3) persoas vogais corresponderán aos centros de depuración e/ou expedición de mexillón fresco e tres (3) ás empresas de transformación.

2. Serán elixibles as persoas pertencentes a cada un dos censos electorais que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde, sempre que non se encontren incurso nas causas de inelixibilidade previstas nos artigos 6.2 e 7 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

Artigo 14. *Presentación de candidaturas*

1. Segundo se establece no artigo 94.1 do Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia, poderán propoñer candidaturas ás eleccións grupos de persoas inscritas, cooperativas, asociacións e organizacións profesionais vinculadas ao Consello Regulador sempre que cumpran os requisitos legais e sexan avaladas, polo menos, polo 5% do total de persoas electoras do censo de que se trate.

2. As candidaturas, así como o resto da documentación e trámites electorais, presentaranse nas oficinas administrativas do Consello Regulador mediante solicitude de proclamación ante a Comisión Electoral no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á data de publicación dos censos definitivos.

3. As candidaturas presentaranse mediante lista pechada de persoas candidatas que non poderán superar en número aos membros establecidos no artigo 13 desta orde, e deberá conter unha persoa suplente por cada persoa titular. As listas expresarán claramente os datos seguintes:

a) O nome, apelidos e NIF das persoas candidatas, tanto titulares como suplentes, así como o nome da entidade organizativa sectorial vinculada ao Consello Regulador a que pertence ou a indicación independente.

b) A orde de colocación das persoas candidatas dentro de cada lista.

c) A sinatura de todas e cada unha das persoas candidatas a vogal.

4. A identidade das persoas asinantes acreditarase perante a Comisión Electoral, que comprobará se as persoas propostas figuran nos censos correspondentes.

5. No caso de que as persoas candidatas fosen persoas xurídicas, xuntarase acordo de aceptación polo órgano de goberno ou reitor.

6. As listas deberán presentarse acompañadas de declaración de aceptación das candidaturas, subscribas polas persoas candidatas, que deberán reunir as condicións de elixibilidade.

7. Coa lista de persoas candidatas xuntarase declaración xurada de cada unha delas conforme non incorren en causa de inelixibilidade.

8. De acordo co punto 12 do artigo 49 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, a secretaria do Consello Regulador expedirá dilixencia na que conste a data e a hora de presentación de cada lista, e expedirá recibo desta. A cada unha asignaráselle un número correlativo coa orde de presentación.

9. No caso de falta de designación expresa, entenderase que a persoa que encabeza a lista actuará como representante seu, e será encargada de realizar todas as xestións da respectiva candidatura ante a Comisión Electoral, así como de recibir as notificacións que esta poida realizar.

Artigo 15. *Proclamación provisional de candidaturas*

1. Rematado o prazo de presentación das candidaturas, no prazo de cinco (5) días hábiles seguintes, a Comisión Electoral comprobará que a documentación presentada para cada unha delas é correcta e está completa e, de ser así, proclamará provisionalmente as candidaturas.

2. No caso de que se presente unha única candidatura ou lista para un censo ou subcenso, ou de que o número total de persoas candidatas das listas presentadas non fose superior á de vogais a elixir, esta lista ou listas serán proclamadas pola Comisión Electoral, que dará traslado á Xunta Electoral, sen necesidade de que continúe o proceso electoral para ese censo ou subcenso.

Artigo 16. *Exposición e proclamación definitiva de candidaturas*

1. Unha vez proclamadas as distintas candidaturas, a Comisión Electoral acordará a súa exposición pública nos mesmos lugares establecidos para a exhibición dos censos, indicados no artigo 12, durante tres (3) días hábiles e fará a comunicación á Xunta Electoral.

2. Expostas as distintas candidaturas, poderán presentarse reclamacións no prazo dos tres (3) días hábiles ante a Comisión Electoral.

3. A Comisión Electoral deberá resolver estas reclamacións no prazo de dous (2) días hábiles a partir da finalización do prazo establecido no número 2 deste artigo, proclamando as candidaturas definitivas e acordando a súa exposición pública. A resolución destas poderá ser impugnada pola Xunta Electoral.

4. Contra as resolucións da Comisión Electoral poderán interpoñerse recursos ante a Xunta Electoral no prazo de tres (3) días hábiles, que serán resoltos nos tres (3) días hábiles seguintes á finalización do prazo indicado para a presentación dos devanditos recursos. Resoltos os recursos, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva das persoas candidatas e acordará a exposición pública nos mesmos lugares establecidos para a exhibición das candidaturas provisionais.

5. Unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas pola Xunta Electoral, se a totalidade das correspondentes a un censo chega a un acordo no reparto das vogalías, e dito acordo, subscrito polas persoas representantes de cada candidatura, fose presentado por escrito ante a Xunta Electoral antes da finalización da campaña electoral, darase por concluído o proceso electoral para ese censo, e as persoas candidatas serán proclamadas vogais.

Artigo 17. *Circunstancias especiais das candidaturas*

Cando non se presenten candidaturas, a mesa electoral disporá de tantas urnas como censos e procederase do seguinte xeito:

1. Nas papeletas de voto, específicas para o caso, as persoas votantes escribirán os números que figuran no censo e que identifican cada persoa física ou xurídica ás cales desexen dar o seu voto.

2. O número máximo de persoas físicas ou xurídicas que se poden designar nas papeletas de voto de cada censo estará limitado ao estipulado no artigo 11 desta orde.

3. A cada un dos censos correspóndelle elixir un número de persoas vogais conforme á composición do Consello Regulador establecida no artigo 13 desta orde.

Artigo 18. *Campaña electoral*

1. Enténdese por campaña electoral, aos efectos desta orde, o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iníciase ás 00.00 horas do día hábil posterior ao de proclamación definitiva das candidaturas e finalizará ás 24.00 horas do sétimo día de campaña.

3. O Consello Regulador poderá realizar, durante o período electoral, unha campaña de carácter institucional destinada ao fomento do voto, así como para informar ás persoas electoras sobre a data de votación, o procedemento para votar e os requisitos, sen influír en ningún caso na orientación do voto.

Artigo 19. *Papeletas e sobres*

1. A Comisión Electoral aprobará os modelos oficiais de papeletas e sobres e ordenará a súa confección. Ademais, proverá ás mesas electorais de mobiliario, urnas, papeletas de voto, sobres e de todo o material necesario para a realización das eleccións.

2. Cada papeleta conterá unha única candidatura ou, no caso de ausencia destas, espazos habilitados para a identificación das persoas ás que se desexa dar o voto.

Artigo 20. *Persoas apoderadas e interventoras*

De conformidade co establecido nos artigos 54 e 55 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, ata o terceiro día anterior ao da votación, a persoa representante de cada candidatura poderá solicitar ante o Consello Regulador as credenciais de nomeamento de persoas interventoras e apoderadas, utilizando para iso os modelos que figuran nos anexos III e IV, respectivamente.

Artigo 21. *Mesas electorais*

1. A mesa electoral central é o órgano encargado de presidir as votacións, realizar o escrutinio, publicar os resultados e velar pola pureza do sufraxio.

A Comisión Electoral designará a mesa electoral central e as mesas electorais periféricas, que estarán integradas por unha persoa que exerza a presidencia e dúas persoas vogais, elixidas por sorteo entre o censo de persoas electoras correspondente a cada unha delas, maiores de idade, que saiban ler e escribir.

2. Igualmente, procederase ao nomeamento de dúas persoas suplentes por cada un dos membros da mesa.

3. Unha vez realizada a proclamación provisional de persoas candidatas, a Comisión Electoral iniciará o sorteo para a designación das persoas compoñentes das mesas electorais, tanto titulares como suplentes.

4. Co obxecto de facilitar aos inscritos o acceso ao voto, as entidades asociativas vinculadas ao Consello Regulador poderán solicitar á Comisión Electoral que unha mesa electoral periférica se constitúa no seu ámbito territorial. Tal solicitude deberase presentar ante a Comisión Electoral no prazo que vai desde a data de convocatoria de eleccións ata o remate do prazo de presentación de candidaturas.

5. Os membros das mesas electorais teñen dereito á indemnización de gastos e axudas de custo, que se lles aboarán no día da votación, polo mesmo importe que se teña establecido para os membros do Pleno do Consello Regulador.

Artigo 22. *Designación dos membros das mesas electorais*

1. Os cargos de presidente ou presidenta e de persoa vogal da mesa electoral son obrigatorios e non poderán exercelos aquelas persoas que se presenten como candidatas.

2. Unha vez realizada a súa designación, deberá notificarse ás persoas interesadas no máis breve prazo, dispoñendo estas dun prazo de catro (4) días hábiles para alegaren ante o Consello Regulador a causa xustificada que lles impida aceptar o cargo.

3. A Comisión Electoral resolverá no prazo de dous (2) días hábiles sen ulterior recurso. De resultar necesario, o Consello Regulador realizará novos sorteos para cubrir as vacantes das persoas a quen se aceptaron as escusas.

Artigo 23. *Constitución das mesas electorais*

1. A votación realizarase entre as 11:00 e as 17:00 horas do primeiro sábado inmediatamente posterior ao día de finalización da campaña electoral.

2. Os membros da mesa electoral e os seus suplentes reuniranse ás 10:00 horas da mañá do día das votacións no local designado para a votación.

3. Se a persoa que exerza a presidencia non acude, substituirase pola persoa suplente. No caso de faltar esta, tomará posesión como presidente ou presidenta a primeira persoa vogal ou a segunda por esta orde. As persoas vogais que non acudisen ou que tomasen posesión como presidenta ou presidente serán substituídas polas súas persoas suplentes.

4. En ningún caso poderá constituírse a mesa sen presenza da persoa titular da presidencia e dúas persoas vogais. No caso de que non se poida cumprir este requisito, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudisen estenderán e subscribirán unha declaración dos feitos acontecidos e, de inmediato, a Comisión Electoral nomeará as persoas máis idóneas para constituír a mesa electoral.

5. A mesa recibirá as credenciais das persoas interventoras que se presenten, comparándoas coa copia que constará en poder da mesa, e daralles, se é o caso, posesión do cargo.

Artigo 24. Acta das mesas electorais periféricas

1. As persoas que exerzan a presidencia das mesas electorais periféricas expedirán unha acta no momento da constitución da mesa que pecharán ao finalizar as súas funcións como tales, asinándoa todos os membros da mesa. Nela faranse constar as persoas compoñentes da mesa, a identificación de persoas interventoras, a suficiencia de material, a hora de inicio das votacións, as anomalías ou aspectos que, pola súa relevancia e transcendencia, sexan merecentes de quedar reflectidos ao longo da xornada, a hora de peche das votacións, as reclamacións formuladas coa identificación das persoas reclamantes e a resolución dada a estas, e o número de votos emitidos segundo os marcados no documento do censo.

2. Finalizadas as votacións, as persoas que exerzan a presidencia serán responsables do precintado as urnas de votación, da súa custodia e transporte inmediato á mesa electoral central, xunto coa acta, o documento do censo utilizado nelas e demais documentación, se a houber.

Artigo 25. Acta da mesa electoral central

1. A persoa que exerza a presidencia da mesa electoral central expedirá unha acta no momento da constitución da mesa que pechará ao finalizar as súas funcións como tal, asinándoa todos os membros da mesa. Nela faranse constar as persoas compoñentes da mesa, a identificación das persoas interventoras, a suficiencia de material, a hora de inicio das votacións, as anomalías ou aspectos que, pola súa relevancia e transcendencia, sexan merecentes de quedar reflectidos ao longo da xornada, e a hora de peche das votacións.

2. Igualmente, farase constar a recepción de cada acta e demais documentación de cada mesa electoral periférica, así como da correspondente urna precintada, a súa apertura e recuento do número de sobres de votación que introducirán na urna da mesa

electoral central, e que será conforme co establecido na acta da correspondente mesa periférica.

3. Finalmente, faranse constar as condicións de transparencia do escrutinio e a expresión detallada do resultado, cos votos emitidos, os nulos, en branco e os asignados a cada candidatura, as reclamacións formuladas coa identificación das persoas reclamantes e a resolución dada a estas. A acta será asinada por todos os membros da mesa.

Artigo 26. *Do voto*

1. O voto será presencial, acreditando o dereito de voto pola inscrición da persoa electora nas listas certificadas do censo. A persoa física que o exerza, directamente ou en calidade de representante que teña demostrado tal condición, deberá acreditar a súa identidade mediante o DNI, pasaporte ou permiso de condución, no que figure a fotografía da persoa titular.

2. Denegáraselle o exercicio do voto a quen, no momento de exercelo, conste de que o emitiu con anterioridade.

Artigo 27. *Escrutinio das votacións*

1. Concluída a votación, a persoa titular da presidencia da mesa electoral central procederá ao recuento dos votos, extraendo as papeletas da urna e lendo en voz alta o nome das candidaturas ou das persoas candidatas votadas, os emitidos en branco e os considerados nulos. Realizado o recuento, a persoa titular da presidencia preguntará ás persoas asistentes se hai algunha protesta contra o escrutinio, resolvendo e deixando constancia dela.

2. A seguir, formulará en voz alta o seu resultado especificando o número de votos emitidos, de votos válidos, nulos e en branco e o de votos obtidos por cada candidatura, deixando expresión escrita deles na acta de votacións.

3. Este procedemento repetirase para cada un dos censos referidos.

4. A continuación, a mesa electoral central preparará a documentación electoral. O expediente electoral estará composto polos seguintes documentos:

a) Toda a documentación orixinal recibida das mesas electorais periféricas sinalada no segundo parágrafo do artigo 24.

b) Orixinal da acta de constitución da mesa.

c) Orixinal da acta da sesión ou acta de escrutinio.

d) Relación de persoas interventoras.

e) Lista do censo electoral utilizada.

f) Lista numerada das persoas votantes e papeletas ás que se lles negase validez ou que fosen obxecto dalgunha reclamación.

g) Certificacións censuais entregadas.

5. Unha vez introducida esta documentación nun sobre, os tres membros da mesa e os interventores asinarán os pregos que os pechan.

6. Unha vez rematada a xornada electoral, a persoa que exerza a presidencia da mesa fará entrega á Comisión Electoral de toda a documentación derivada do proceso e do material utilizado.

7. Como máis tarde, no seguinte día hábil ao da súa recepción, a Comisión Electoral debe mandar copia do expediente electoral á Xunta Electoral.

Artigo 28. Asignación dos resultados e proclamación de persoas vogais electas

1. A Comisión Electoral, con base na documentación recibida, procederá á asignación dos postos de elección para cada un dos censos por asignación proporcional directa dos votos válidos emitidos.

2. Cando non se presenten candidaturas, as vogalías serán asignadas ás persoas físicas ou xurídicas segundo os votos recibidos.

3. No segundo día posterior ao da votación, a Comisión Electoral procederá á proclamación provisional das persoas vogais electas. Para esta asignación de vogalías, de acordo co establecido no artigo 5, aplicarase o sistema proporcional directo. Como anexo V acompáñase unha explicación do reparto de vogalías segundo este sistema, cun exemplo práctico e deberá comunicalo como máis tarde no primeiro día hábil seguinte á Xunta Electoral.

4. Contra o acordo de proclamación provisional poderase interpor recurso no prazo de tres (3) días hábiles, que a Xunta Electoral resolverá en igual prazo.

Artigo 29. Constitución do Pleno e elección das persoas que exerzan os cargos de presidente e vicepresidentes

1. Transcorrido o prazo de recurso sen que se recibise ningún ou unha vez resoltos os recursos recibidos, a Xunta Electoral proclamará definitivamente as persoas vogais electas, e convocará o Pleno do Consello Regulador respectando os prazos establecidos a tales efectos no seu regulamento, no cal tomarán posesión as persoas vogais electas dos seus cargos e quedará constituído o Pleno.

2. A sesión estará presidida por unha persoa representante da Administración, designada para o efecto pola persoa titular da Consellería do Mar, cuxo nome se fará constar na devandita convocatoria. Para a realización desta sesión será necesario un quorum de dous terzos.

3. A seguir, na mesma sesión, o Consello en Pleno elixirá por maioría as persoas que exercerán os cargos de presidente e vicepresidentes. En caso de empate na elección dalgún dos cargos, procederase no terceiro día hábil seguinte a unha nova votación. De persistir o empate, procederase de novo do mesmo xeito e, en caso de non se desfacer, decidírase por sorteo que realizará a Xunta Electoral entre as persoas candidatas que obtivesen o mesmo número de apoios na última votación.

4. As persoas elixidas para os cargos de presidente e vicepresidente serán nomeadas posteriormente pola persoa titular da Consellería do Mar.

5. Unha vez constituído o Pleno do Consello Regulador, as vacantes que se producisen por falecemento, abandono, dimisión, cesamento na actividade ou calquera outra causa dalgún dos seus membros serán cubertas a partir da lista á que pertencía o dito membro segundo a orde nela establecida.

Disposición adicional única. *Composición equilibrada dos órganos colexiados*

Na composición do Consello Regulador, da Xunta Electoral e da Comisión Electoral procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación da Orde do 8 de xullo de 2020*

Queda derogada a Orde do 8 de xullo de 2020 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos membros do Pleno do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións supletorias*

No non previsto nesta orde, estarase ao disposto na Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia e do seu Consello Regulador, así como no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,
Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar

ANEXO I

Calendario electoral

Fase do proceso electoral	Número de días
Data do comezo do proceso electoral	Data de entrada en vigor da Orde de convocatoria de eleccións
Fin do prazo de presentación de persoas candidatas á Xunta Electoral	4 días hábiles seguintes á data de comezo do proceso electoral
Sesión constitutiva da Comisión Electoral.	3 días hábiles dende o seu nomeamento polo Pleno
Designación dos membros da Xunta Electoral (Resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica).	10º día posterior á data de comezo do proceso electoral
Fin do prazo para a presentación de recursos ante a persoa titular da Consellería do Mar contra a designación dos membros da Xunta Electoral	3 días hábiles dende a emisión da resolución
Resolución da persoa titular da Consellería do Mar dos recursos contra a designación dos membros da Xunta Electoral	3 días hábiles dende a recepción do recurso
Sesión constitutiva da Xunta Electoral	No prazo de 3 días dende a resolución dos recursos pola persoa titular da Consellería do Mar
Aprobación dos censos provisionais pola Comisión Electoral	3 días hábiles dende a sesión constitutiva da Comisión Electoral
Inicio da exposición dos censos provisionais	5 días hábiles dende a aprobación pola Comisión Electoral
Prazo para a reclamación sobre estes	3 días hábiles dende a exposición dos censos provisionais
Data límite para a resolución das reclamacións sobre os censos pola Comisión Electoral	3 días hábiles dende a presentación do recurso
Publicación dos censos definitivos	3 días hábiles dende a resolución dos recursos
Prazo de presentación de candidaturas ante a Comisión Electoral	10 días hábiles seguintes á publicación dos censos definitivos
Proclamación provisional de candidaturas pola Comisión Electoral Primeiro sorteo para a designación dos membros das mesas electorais	5 días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación de candidaturas
Período de exposición pública de candidaturas Comunicación á Xunta electoral das Candidaturas	3 días hábiles dende a proclamación provisional
Fin do prazo de presentación de reclama-	3 días hábiles dende o inicio de exposición

Fase do proceso electoral	Número de días
cións sobre a proclamación provisional de persoas candidatas	pública de candidaturas
Data límite para a resolución das reclamacións e proclamación candidaturas definitivas pola Comisión Electoral	2 días hábiles dende a finalización do prazo de presentación dos recursos
Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de persoas candidatas ante a Xunta Electoral	3 días hábiles dende a súa publicación
Data límite para a resolución dos recursos pola Xunta Electoral e proclamación definitiva de persoas candidatas	3 días hábiles dende a finalización do prazo de presentación dos recursos
Comezo da campaña electoral	Ás 00.00 horas do día hábil posterior ao de proclamación definitiva de candidaturas
Fin do prazo para a presentación dos acordos electorais polas candidaturas	Antes da finalización da campaña electoral
Fin da campaña electoral	Ás 24 horas do sétimo día de campaña
Solicitud por parte das persoas representantes de cada candidatura ante o Consello Regulador das credenciais de nomeamento de persoas interventoras e apoderadas	Ata o terceiro día anterior ao da votación
Prazo para que as entidades asociativas vinculadas ao Consello Regulador poidan solicitar á Comisión Electoral que unha mesa electoral periférica se constitúa no seu ámbito territorial	Desde a data de convocatoria de eleccións ata o remate do prazo de presentación de candidaturas
Notificación da designación dos membros das mesas electorais	Prazo de notificación (o mais breve)
Data límite dos candidatos a membros das mesas electorais para presentación de alegacións	4 días hábiles dende a notificación da designación
Resolución da Comisión Electoral sobre as alegacións anteriores	2 días hábiles dende a recepción da alegación
Constitución das mesas electorais e votacións	2º día posterior á finalización da campaña electoral.
Prazo para que a Comisión Electoral remita copia do expediente electoral á Xunta Electoral	No seguinte día hábil
Proclamación de persoas vogais electas pola Comisión Electoral	2º día posterior ao da votación
Comunicación das persoas vogais electas á Xunta Electoral	1º día hábil seguinte ao da proclamación pola Comisión electoral
Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de persoas vogais electas	3 días hábiles dende o acordo de proclamación



Fase do proceso electoral	Número de días
Data límite para a resolución dos recursos sobre a proclamación de persoas vogais electas	3 días hábiles dende a recepción dos recursos
Proclamación definitiva das persoas vogais pola Xunta Electoral Convocatoria do Pleno do Consello Regulador	Pasado o prazo de recurso sen que se houbera recibido ningún ou unha vez contestados os recursos recibidos
Pleno constitutivo, toma de posesión nos seus cargos e proposta de persoas para ocupara a Presidencia ou Vicepresidencia ou Vicepresidencias	Oitavo día hábil seguinte ao da proclamación definitiva das persoas vogais

ANEXO II

Modelo de impreso para a presentación dos censos do Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia. Eleccións 2026

Censo Folla nº

Nº	Apelidos e nome ou razón social	DNI/NIF	Enderezo			Representante (soamente no caso de persoas xurídicas)		Observación s
			Rúa ou lugar	Parroquia	Concello	DNI/NIF	Nome e apelidos	

A persoa titular da secretaría do Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia

Conforme

A persoa titular da presidencia

ANEXO III
Eleccións ao consello regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia. Eleccións 2026

Asunto: CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE PERSOA INTERVENTORA	DATA:
---	-------

DATOS DA PERSOA PROPOSTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
NOME	DNI	
ENDEREZO	C.P.	CONCELLO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
NOME	DNI	
ENDEREZO	C.P.	CONCELLO

PERSOA POR	REPRESENTANTE	DA	CANDIDATURA	PRESENTADA
---------------------	---------------	----	-------------	------------

Conforme ao disposto no artigo 54 do Decreto 4/2007, nomea persoa interventora a persoa enriba indicada.

A persoa representante

ANEXO IV

Eleccións ao consello regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia. Eleccións 2026

Asunto: CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE PERSOA APODERADA	DATA:
--	-------

DATOS DA PERSOA PROPOSTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
NOME	DNI	
ENDEREZO	C.P.	CONCELLO

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
NOME	DNI	
ENDEREZO	C.P.	CONCELLO

PERSOA	REPRESENTANTE	DA	CANDIDATURA	PRESENTADA
POR				

Conforme ao disposto no artigo 55 do Decreto 4/2007, nomea persoa apoderada á persoa enriba indicada.

A persoa representante

ANEXO V

Asignación de vogalías polo sistema proporcional directo

O sistema proporcional directo atribúe as vogalías segundo a mecánica que a continuación se detalla:

Divídense os votos de cada candidatura entre un número, que se obtén pola súa vez de dividir o número de votos válidos totais obtidos polas distintas candidaturas entre o número de persoas vogais a elixir. Os resultados das divisións darán un valor para cada candidatura. A parte enteira do valor resultante será o número de persoas vogais. Se aínda queda algunha persoa vogal por asignar, esta será para a candidatura que teña un valor máis alto da parte decimal, e se queda algunha persoa vogal máis, para a seguinte que teña a parte decimal máis alta, e así sucesivamente. O seguinte exemplo ilustra o procedemento a aplicar:

Censo: 5.000 persoas electoras

Persoas vogais a elixir 7

Reparto de votos entre as distintas candidaturas:

A: 1.500

B: 1.000

C: 700

D: 600

E: 200

Votos válidos obtidos polas distintas candidaturas: 4.000

$4.000 / 7 = 571,428$

$1.500 / 571,428 = 2,62.$ A obtén $2+1=3$ vogais

$1.000 / 571,428 = 1,75.$ B obtén $1+1=2$ vogais

$700 / 571,428 = 1,22.$ C obtén 1 vogal

$600 / 571,428 = 1,05.$ D obtén 1 vogal

$200 / 571,428 = 0,35.$ E obtén 0 vogais